

DISPOÑO:

O cesamento de Bernardo Landríz Fernández como vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Marín e ría de Pontevedra, en representación da organización sindical UGT, agradecéndolle os servizos prestados.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2008.

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas
e Transportes

b) NOMEAMENTOS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA
TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS
E TRANSPORTES**

Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se dispón o nomeamento dun vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa.

O artigo 40 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, dispón que a designación dos vogais dos consellos de administración das autoridades portuarias dos portos de interese xeral será acordada polo órgano competente da comunidade autónoma por proposta das organizacións, organismos e entidades aos cales representen aqueles.

Polo exposto, vista a proposta da Cámara de Comercio de Vilagarcía de Arousa, e en exercicio das facultades que me foron atribuídas polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 10 de xaneiro de 2002,

DISPOÑO:

O nomeamento de Miguel Falcón Noya como vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, en representación da Cámara de Comercio de Vilagarcía de Arousa.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2008.

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas
e Transportes

Orde do 31 de xullo de 2008 pola que se dispón o nomeamento dun vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Marín e ría de Pontevedra.

O artigo 40 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, dispón que a designación dos vogais dos consellos de administración das autoridades portuarias dos portos de interese xeral será acordada polo órgano competente da comunidade autónoma por proposta das organizacións, organismos e entidades aos cales representen aqueles.

Polo exposto, vista a proposta do Sindicato Único de Traballadores Solidaridad Obrera de Pontevedra (SUTSO - CGT), e en exercicio das facultades que me foron atribuídas polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 10 de xaneiro de 2002,

DISPOÑO:

O nomeamento de Francisco José Gómez Vaamonde como vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Marín e ría de Pontevedra, en representación da organización sindical máis representativa no porto (SUTSO - CGT).

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2008.

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas
e Transportes

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 31 de xullo de 2008 pola que se establece a oferta de módulos obrigatorios de programas de cualificación profesional inicial en centros públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aprobou o Estatuto de autonomía de Galicia, e o Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, recoñécenlle á nosa comunidade autónoma as competencias en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en todos os seus niveis e graos, e nas súas modalidades e especialidades, consonte

os preceptos emanados da Constitución e das leis que sexan de aplicación, competencias que na actualidade están asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en virtude do establecido no artigo 1 do Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 30 que lles corresponde ás administracións educativas organizar programas de cualificación profesional inicial destinados ao alumnado maior de dezaseis anos, cumpridos antes do 31 de decembro do ano de inicio do programa, que non obtivera o título de graduado en educación secundaria obrigatoria, co obxectivo de que alcance competencias profesionais propias dunha cualificación de nivel I da estrutura actual do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, así como que ese alumnado teña a posibilidade dunha inserción sociolaboral satisfactoria e de que amplíe as súas competencias básicas para proseguir estudos nas diferentes ensinanzas.

O Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que no ano académico 2008-2009 se implanten os programas de cualificación profesional inicial e se deixen de aplicar os programas de garantía social regulados na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

A disposición adicional primeira da Orde do 13 de maio de 2008 prevé que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determine anualmente a oferta de programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia.

En virtude do exposto e de acordo co Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, tendo en conta o informe da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e de conformidade coa proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º

Determinar a oferta formativa dos módulos obrigatorios correspondentes ao primeiro curso dos programas de cualificación profesional inicial para o curso 2008-2009, nos centros públicos que se relacionan nos anexos.

Artigo 2º

Regular esta oferta de módulos obrigatorios de programas de cualificación profesional inicial nos centros públicos mediante as seguintes condicións:

a) Modalidade A, en que todos os módulos obrigatorios se imparten no mesmo centro educativo, agás a formación en centros de traballo.

b) Modalidade B, en que os módulos específicos se imparten nun centro educativo, agás a formación en centros de traballo, e os módulos formativos de carácter xeral se imparten noutro.

c) Modalidade C, en que poderán participar as corporacións locais, as asociacións profesionais, as asociacións non gobernamentais e outras entidades empresariais e sindicais, baixo a coordinación e logo de autorización da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, unicamente na opción de programas mixtos en que os módulos formativos de carácter xeral se imparten en centros educativos e os módulos específicos fóra deles.

Nesta modalidade o centro poderá ofertar calquera dos perfís relacionados no anexo II, tendo en conta as posibilidades de establecemento de convenios coas empresas e as institucións do contorno, as características e necesidades do alumnado solicitante, e o número máximo de prazas autorizadas.

Artigo 3º

O número máximo de alumnos e alumnas con matrícula no primeiro curso dun programa de cualificación profesional inicial será de doce, pero o alumnado con necesidades educativas especiais computará o dobre para estes efectos.

Artigo 4º

A autorización da oferta nos centros públicos quedará condicionada a que exista un número mínimo de persoas para cursar os programas de cualificación profesional inicial, que será o seguinte:

a) Nas modalidades A e B para impartir os módulos obrigatorios deberá existir un mínimo de seis matrículas formalizadas no momento de rematar o prazo de matrícula.

b) Na modalidade C, na opción de programas mixtos para impartir os módulos formativos de carácter xeral, deberá existir un mínimo de seis matrículas formalizadas no momento de rematar o prazo de matrícula.

Artigo 5º

O perfil das persoas formadoras que impartan os módulos específicos do perfil profesional en contornos produtivos deberá incluír os requisitos de formación académica e de experiencia profesional determinados na orde pola que se establece o perfil de cada un dos programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e á Secretaría Xeral para tomaren as medidas precisas para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

*ANEXO I***Oferta de módulos obrigatorios de programas de cualificación profesional inicial para o curso 2008-2009**

Modalidade A.

Concello	Código do centro	Nome do centro	Código do perfil	Denominación do perfil	Grupos autorizados
Arzúa	15027733	IES de Arzúa	PADG01	PCPI de servizos administrativos	1
Betanzos	15001148	IES As Mariñas	PADG01	PCPI de servizos administrativos	1
			PTMV01	PCPI de mantemento de vehículos	1
Cee	15003224	IES Fernando Blanco	PADG01	PCPI de servizos administrativos	1
			PELE01	PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións	1
			PTMV01	PCPI de mantemento de vehículos	1
Coruña, A	15004204	IES Calvo Sotelo	PELE01	PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións	1
			PFME01	PCPI de fabricación mecánica	1
			PMAM01	PCPI de carpintaría	1
			PARC01	PCPI de reprografía	1
	15027897	IES Paseo das Pontes	PHOT03	PCPI de aloxamento	1
Culleredo	15005749	IES Cruceiro Baleares	PFME01	PCPI de fabricación mecánica	1
			PELE01	PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións	1
Curtis	15022620	IES de Curtis	PADG01	PCPI de servizos administrativos	1
			PELE01	PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións	1
			PTMV01	PCPI de mantemento de vehículos	1
Ferrol	15028038	ESCO Náutico-Pesqueira	PMAP01	PCPI de pesca e transporte marítimo	1
	15006754	IES Marqués de Suanzes	PELE01	PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións	1
	15025645	IES Ricardo Carballo Calero	PIMP02	PCPI de peiteado	1
Narón	15025268	IES As Telleiras	PMAM01	PCPI de carpintaría	1
Noia	15026731	IES Campo de San Alberto	PADG01	PCPI de servizos administrativos	1
Ordes	15027782	IES Nº 1	PTMV01	PCPI de mantemento de vehículos	1
			PTCP01	PCPI de costura	1
Ponteceso	15026406	IES de Ponteceso	PTMV01	PCPI de mantemento de vehículos	1
			PADG01	PCPI de servizos administrativos	1
Rianxo	15026807	IES Félix Muriel	PCOM01	PCPI de comercio	1
Ribeira	15014556	IES Coroso	PELE01	PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións	1
			PTMV01	PCPI de mantemento de vehículos	1
Santa Comba	15026030	IES Terra de Xallas	PHOT02	PCPI de servizos de restauración	1
			PTMV01	PCPI de mantemento de vehículos	1
Santiago de Compostela	15027745	CEE A Barcia	PAGA01	PCPI de xardinaría e viveirismo	1
			PHOT01	PCPI de cociña	1
	15027502	CEE de Xordos	PAGA02	PCPI de producións agrícolas	1
			PHOT02	PCPI de servizos de restauración	1
			PMAM01	PCPI de carpintaría	1
			PTCP01	PCPI de costura	1
			PVIC01	PCPI de cerámica	1
	15016000	CIFP Compostela	PHOT01	PCPI de cociña	1
Becerreá	27000617	CFEA Alta Montaña	PAGA01	PCPI de xardinaría e viveirismo	1
	27016315	IES de Becerreá	PELE01	PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións	1
Burela	27013934	IES Perdouro	PFME01	PCPI de fabricación mecánica	1
Foz	27020562	IES de Foz	PADG01	PCPI de servizos administrativos	1
			PHOT02	PCPI de servizos de restauración	1
Guitiriz	27016200	IES Poeta Díaz Castro	PFME01	PCPI de fabricación mecánica	1
Lugo	27014057	CEE Santa María	PIMP02	PCPI de peiteado	1
			PAGA01	PCPI de xardinaría e viveirismo	1
	27601509	EPA Albeiros	PADG01	PCPI de servizos administrativos	1
	27006528	IES As Mercedes	PTMV01	PCPI de mantemento de vehículos	1
	27006516	IES Politécnico de Lugo	PFME01	PCPI de fabricación mecánica	1
	27016455	IES Sanxillao	PHOT02	PCPI de servizos de restauración	1
Monforte de Lemos	27015360	CEE Infanta Elena	PAGA01	PCPI de xardinaría e viveirismo	1
	27007260	CFEA de Monforte de Lemos	PAGA02	PCPI de producións agrícolas	1
	27015311	IES A Pinguela	PADG01	PCPI de servizos administrativos	1
Ribadeo	27010921	CFEA Pedro Murias	PAGA02	PCPI de producións agrícolas	1
	27020793	CIFP Porta da Auga	PTMV01	PCPI de mantemento de vehículos	1
Vilalba	27013326	IES Lois Peña Novo	PTMV01	PCPI de mantemento de vehículos	1
Viveiro	27013636	IES María Sarmiento	PTMV01	PCPI de mantemento de vehículos	1
Carballiño, O	32015037	IES Manuel Chamoso Lamas	PELE01	PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións	1
Ourense	32015050	CIFP A Farixa	PELE01	PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións	1
	32009131	IES Universidade Laboral	PTMV01	PCPI de mantemento de vehículos	1

Concello	Código do centro	Nome do centro	Código do perfil	Denominación do perfil	Grupos autorizados
Verín	32013582	IES García-Barbón	PTCP01	PCPI de costura	1
			PTMV01	PCPI de mantemento de vehículos	1
			PFME01	PCPI de fabricación mecánica	1
Vilamarín	32016285	IES de Vilamarín	PHOT01	PCPI de cociña	1
Xinzo de Limia	32014801	IES Cidade de Antioquía	PELE01	PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións	1
	32015232	IES Lagoa de Antela	PHOT01	PCPI de cociña	1
Bueu	36019463	IES Johan Carballeira	PIMP02	PCPI de peiteado	1
			PMAP01	PCPI de pesca e transporte marítimo	1
Cangas	36019475	IES de Rodeira	PADG01	PCPI de servizos administrativos	1
Cañiza, A	36015101	IES da Cañiza	PADG01	PCPI de servizos administrativos	1
			PTMV01	PCPI de mantemento de vehículos	1
Estrada , A	36002359	IES Antón Losada Diéguez	PTMV01	PCPI de mantemento de vehículos	1
Grove , O	36019232	IES Monte da Vila	PADG01	PCPI de servizos administrativos	1
Moaña	36004745	IES A Paralaia	PADG01	PCPI de servizos administrativos	1
			PELE01	PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións	1
			PFME01	PCPI de fabricación mecánica	1
Mos	36020131	IES de Mos	PADG01	PCPI de servizos administrativos	1
Ponteareas	36007552	CIFP A Granxa	PAGA01	PCPI de xardinaría e viveirismo	1
	36014520	IES Pedra da Auga	PADG01	PCPI de servizos administrativos	1
Pontevedra	36017201	CEE Príncipe Felipe	PEOC02	PCPI de revestimentos de obra	1
	36020064	CIFP Carlos Oroza	PHOT01	PCPI de cociña	1
			PHOT02	PCPI de servizos de restauración	1
	36014489	IES A Xunqueira	PELE01	PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións	1
			PTMV01	PCPI de mantemento de vehículos	1
	36006419	IES Fogar Prov. Príncipe Felipe	PADG01	PCPI de servizos administrativos	1
			PAGA01	PCPI de xardinaría e viveirismo	1
			PIMP01	PCPI de estética	1
			PIMP02	PCPI de peiteado	1
			PMAM01	PCPI de carpintaría	1
			PTCP01	PCPI de costura	1
			PTMV01	PCPI de mantemento de vehículos	1
			PARG01	PCPI de reprografía	1
	36019529	IES Ribeira do Louro	PIMP02	PCPI de peiteado	1
			PCOM01	PCPI de comercio	1
Salvaterra de Miño	36020337	IES de Salvaterra de Miño	PMAM01	PCPI de carpintaría	1
Silleda	36020350	IES Pintor Colmeiro	PADG01	PCPI de servizos administrativos	1
Vigo	36010733	CEE Saladino Cortizo	PAGA01	PCPI de xardinaría e viveirismo	1
			PIMP02	PCPI de peiteado	1
			PMAM01	PCPI de carpintaría	1
			PARG01	PCPI de reprografía	1
	36019426	IES Coruxo	PELE01	PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións	1
	36018173	IES de Teis	PIMP01	PCPI de estética	1
			PIMP02	PCPI de peiteado	1
			PINF01	PCPI de informática	1
	36011634	IES Politécnico de Vigo	PELE01	PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións	1
			PFME01	PCPI de fabricación mecánica	1
	36017430	IES Ricardo Mella	PELE01	PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións	1
			PADG01	PCPI de servizos administrativos	1

Modalidade B.

Concello	Código do centro	Nome do centro	Código do perfil	Denominación do perfil	Grupos autorizados
Coruña, A	15024513	CIFP Someso	PIMA01	PCPI de fontanaría, calefacción e climatización domésticas	1
			PIMP02	PCPI de peiteado	1
Santiago de Compostela	15015767	CIFP Politécnico de Santiago	PELE01	PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións	1

Modalidade C mixta.

Concello	Código do centro	Nome do centro	Grupos autorizados
Arteixo	15023314	IES de Sabón	1
Arzúa	15027733	IES de Arzúa	1
Bergondo	15001033	CFEA de Guísamo	1
Boimorto	15001239	CPI Armando Cotarelo Valledor	1
Boiro	15023338	IES Praia Barraña	1
Camariñas	15027861	IES Pedra da Aguia	1
Cambre	15027873	IES Afonso X O Sabio	1
	15026704	IES David Buján	1

Concello	Código do centro	Nome do centro	Grupos autorizados
Carballo	15002581	IES Alfredo Brañas	2
	15002591	IES Monte Neme	1
Carnota	15027885	IES Lamas de Castelo	1
Carral	15003005	CPI Vicente Otero Valcárcel	1
Cedeira	15026376	IES Punta Candieira	1
Ferrol	15025751	EPA Sta. María de Caranza	2
	15021470	IES Canido	1
	15006687	IES de Catabois	1
	15025566	IES Ferrol Vello	1
Laracha, A	15027654	IES Agra de Leborís	1
Lousame	15008039	CPI Cernadas de Castro	1
Melide	15008817	IES de Melide	1

Concello	Código do centro	Nome do centro	Grupos autorizados
Monfero	15009241	CPI Virxe da Cela	1
Mugardos	15025657	IES de Mugardos	1
Muros	15026388	IES Fontexería	1
Muxía	15027927	IES Ramón Caamaño	1
Narón	15010058	CPI do Feal	1
	15025268	IES As Telleiras	1
Negreira	15026391	IES Xulián Magariños	1
Noia	15026731	IES Campo de San Alberto	1
Oleiros	15027228	IES María Casares	1
Ordes	15027939	IES Maruxa Mallo	1
Oroso	15027964	IES de Oroso	1
Ortigueira	15020544	IES de Ortigueira	1
Outes	15027976	IES Poeta Añón	1
Padrón	15012730	IES Camilo José Cela	1
Pobra do Caramiñal, A	15025530	IES da Pobra do Caramiñal	1
Ponteceso	15026406	IES de Ponteceso	1
Pontedeume	15020556	IES Breamo	1
Pontes de García Rodríguez, As	15025694	IES Moncho Valcarce	1
Porto do Son	15027691	IES de Porto do Son	1
Ribeira	15027711	IES Leliadoura	3
Rois	15014738	CPI dos Dices	1
Sada	15026029	IES Isaac Díaz Pardo	1
Santiago de Compostela	15027502	CEE de Xordos	1
Trazo	15020994	CPI de Viaño Pequeno	1
Vimianzo	15026418	IES Terra de Soneira	1
Zas	15019281	CPI de Zas	1
Burela	27013958	IES Monte Castelo	1
	27013934	IES Perdouro	1
Castro de Rei	27015891	IES da Terra Chá, José Trapero Pardo	1
Fonsagrada, A	27014811	IES Fontem Albei	1
Guitiriz	27016200	IES Poeta Díaz Castro	1
Lugo	27601509	EPA Albeiros	1
	27006531	IES Lucas Augusti	2
Meira	27016303	IES Pedregal de Irimia	1
Mondónedo	27006966	IES San Rosendo	1
Monforte de Lemos	27007247	IES Francisco Daviña Rey	1
	27007259	IES Río Cabe	1
Monterroso	27016248	IES de Monterroso	1
Pontenova, A	27016297	IES Enrique Muruais	1
Rábade	27016613	IES Río Miño	1
Ribadeo	27010933	IES Dionisio Gamallo Fierros	1
	27010945	IES Porta da Auga	1
Sarria	27012036	IES Gregorio Fernández	1
Taboada	27012504	CPI San Tomé do Carballo	1
Vilalba	27013326	IES Lois Peña Novo	1
	27013314	IES Santiago Basanta Silva	1
Viveiro	27013636	IES María Sarmiento	1
	27013648	IES Vilar Ponte	1
Bande	32016340	IES Aquis Querquernis	1
Carballeda de Valdeorras	32002781	CPI Tomás Terrón Mendaña	1
Celanova	32016625	IES de Celanova	1
Maceda	32016431	IES San Mamede	1
Ourense	32015581	EPA de Ourense	1
Ribadavia	32011330	IES O Ribeiro	1
Verín	32016790	IES Castro de Baronceli	1
	32013612	IES Xesús Taboada Chivite	1
Viana do Bolo	32016777	IES Carlos Casares	1
Xinzo de Limia	32015232	IES Lagoa de Antela	1
Baiona	36019657	IES Primeiro de Marzo	1
Barro	36020234	IES de Barro	1
Cambados	36019396	IES Francisco Asorey	1
Cangas	36000922	IES María Soliño	1
Estrada, A	36020258	IES N° 1	1
Gondomar	36019220	IES Auga da Laxe	1
Grove, O	36019232	IES Monte da Vila	1
Guarda, A	36019244	IES A Sangriña	2
Lalín	36013758	IES Laxeiro	1
	36004137	IES Ramón M° Aller Ulloa	1
Marín	36015159	IES Chan do Monte	1
	36020295	IES Mestre Landín	1
Meaño	36020301	IES de Meaño	1
Moaña	36018999	IES As Barxas	1
Moraña	36005142	CPI Santa Lucía	1
Mos	36020131	IES de Mos	1
Neves, As	36019402	IES Pazo da Mercé	1
Nigrán	36005865	CPI de Panxón	1
Poio	36020143	IES de Poio	1
Ponte Caldelas	36020313	IES de Ponte Caldelas	1
Porriño, O	36019529	IES Ribeira do Louro	1
Redondela	36019566	IES de Chapela	1

Concello	Código do centro	Nome do centro	Grupos autorizados
Ribadumia	36007813	CPI Julia Becerra Malvar	1
Vigo	36016681	IES Carlos Casares	1
Vila de Cruces	36020386	IES Marco do Camballón	1
Vilaboa	36013588	CPI do Toural	1
Vilagarcía de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	1
	36018380	IES Miguel Ángel González Estévez	1

ANEXO II

Perfis de programas de cualificación profesional inicial autorizados no curso 2008-2009 na modalidade C mixta

Familia profesional	Código do perfil	Denominación do perfil
Actividades agrarias	PAGA01	PCPI de xardinaria e viveirismo
	PAGA02	PCPI de producións agrícolas
	PAGA03	PCPI de arranxos florais
Actividades marítimo-pesqueiras	PMAP01	PCPI de pesca e transporte marítimo
Administración	PADG01	PCPI de servizos administrativos
Artes gráficas	PARC01	PCPI de reprografía
Comercio e márketing	PCOM01	PCPI de comercio
Edificación e obra civil	PEOC01	PCPI de albanería
	PEOC02	PCPI de revestimentos de obra
Electricidade e electrónica	PELE01	PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións
Fabricación mecánica	PFME01	PCPI de fabricación mecánica
Hostalaría e turismo	PHOT04	PCPI de pastelería
	PHOT02	PCPI de servizos de restauración
	PHOT03	PCPI de aloxamento
	PHOT01	PCPI de cociña
Imaxe persoal	PIMP01	PCPI de estética
	PIMP02	PCPI de peiteado
Informática	PINF01	PCPI de informática
Madeira e moble	PMAM01	PCPI de carpintaría
Mantemento de vehículos autopropulsados	PTMV01	PCPI de mantemento de vehículos
Mantemento e servizos á produción	PIMA01	PCPI de fontanaría, calefacción e climatización domésticas
Servizos socioculturais e á comunidade	PSSC01	PCPI de emprego doméstico
Téxtil, confección e pel	PTCP01	PCPI de costura
Vidro e cerámica	PVIC01	PCPI de cerámica

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Orde do 6 de agosto de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega con decidido contido artístico e cultural e se convocan para o ano 2008.

A Consellería de Cultura e Deporte, no exercicio das súas competencias de fomento e promoción nos diversos ámbitos da creación cultural en Galicia, é consciente da importancia decisiva do sector audiovisual para contribuír ao desenvolvemento da cultura e facilitar o acceso á diversidade cultural das producións audiovisuais da Comunidade Autónoma de Galicia. A Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia, define o sector audiovisual como estratéxico para o desenvolvemento cultural da Comunidade, e sinala a necesidade de que se establezan instrumentos de axuda para facilitar o desenvolvemento do audiovisual e o fomento do seu talento creativo, técnico e artístico.